

Aclaracións reunión ANPAS do 27 de febreiro de 2015

Aclaracións proceso asunción pola consellería dos comedores xestionados polas ANPAS: curso 2015-2016.

1º Voluntariedade do proceso de asunción de comedores xestionados por ANPAS. Actualmente á consellería cónstalle que unhas 145 ANPAS xestionan o servizo de comedor para arredor de 9.300 usuarios e está disposta a que para o curso escolar 2015-2016 destes algo máis de nove mil usuarios, sobre dous mil pasen a ser usuarios de comedores escolares xestionados pola Xunta de Galicia, a cal xestionaría o servizo contratando con empresas do sector hostaleiro.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non imporá en ningún momento ás ANPAS convidadas ningún tipo de xestión. As asociacións decidirán VOLUNTARIAMENTE acollerse ou non á oferta da administración.

Aquelas asociacións que decidan acollerse a esta oferta non poderán posteriormente reclamar un novo cambio na titularidade da xestión, isto é, unha vez a consellería asuma o comedor escolar este seguirá sendo de titularidade da administración.

Para aquelas asociacións convidadas que decidan non aceptar a oferta seguirá habendo unha convocatoria de axudas (a do curso 2014/2015 será publicada nas próximas semanas).

2º Criterios de selección das ANPAS convocadas. Convidase a todas as ANPAS que xestionan comedores escolares que dispoñen cun número menor ou igual a 50 usuarios, segundo datos que constan na solicitude das últimas axudas convocadas no curso 2013-2014 e nas que a xestión non se realizou a través dunha Federación ou Confederación. O fin último é eliminar a carga económica e burocrática que supón a xestión dos comedores escolares.

3º Fixación e bonificacións dos prezos. A actual xestión dos comedores escolares xestionados por esta consellería implicará que as familias fagan unha AUTODECLARACIÓN entregada ao remate do actual curso escolar sobre a renda neta anual per cápita da unidade familiar. Esta situación económica será o resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio anterior a aquel no que se solicita a praza de comedor (este ano será a declaración da renda do exercicio 2014):

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$\text{casiña } 361 + \text{casiña } 363 - \text{casiña } 365 + \text{casiña } 368 + \text{casiña } 371 - \text{casiña } 511$

Aclaracións reunión ANPAS do 27 de febreiro de 2015

O resultado obtido por calquera das dúas operacións dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar. O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, dos datos do borrador do IRPF.
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Neste supostos, os interesados deberán consignar os datos do borrador do IRPF.

Aclaracións reunión ANPAS do 27 de febreiro de 2015

Segundo o resultado poderase estar nalgunha das seguintes situacións:

Abono de 1 € por día de servizo	
Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €
Abono de 2,5 € por día de servizo:	
Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Abono de 4,5 € por día de servizo:	
Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Ao final os usuarios poderán estar nalgunha das seguintes situacións:

- a) **Gratuidade total.**
- b) Pagamento diario por menú de **1€**
- c) Pagamento diario por menú de **2,5€**
- d) Pagamento diario por menú de **4,5€**

O aboamento diario é por menú realmente servido, pero as familias deberán avisar á dirección do centro coa antelación suficiente para que esta avise a empresa adjudicataria antes das 10:00 horas dos menús que realmente deben servir ese mesmo día. De non avisar coa suficiente antelación as familias deberán aboar o importe dese menú. As familias recibirán mensualmente unha comunicación na que se detallarán os menús servidos no mes anterior e os importes a aboar directamente á empresa.

A título informativo e segundo datos dispoñibles no servizo de xestión de comedores relativos ao mes de febreiro de 2015, o 80,18% son usuarios gratuítos, o 5,63% son usuarios de pagamento 1€, o 3,35% son usuarios de pagamento 2,5€ e o 10,72% son usuarios de pagamento 4,5€.

4º As ratios de atención e coidado dos escolares usuarios do comedor, así como as características de ditas tarefas precísanse na normativa actualmente en vigor do seguinte modo:

Aclaracións reunión ANPAS do 27 de febreiro de 2015

Un coidador cada **15** alumnos en infantil, **30** alumnos en primaria e **35** alumnos en secundaria.

Atención ao alumnado			
	MIN	MAX	Persoal
E S O	1	35	1
	36	70	2
	71	100	3
	101		4
PRIMARIA	1	30	1
	31	60	2
	61	90	3
	91	120	4
	121		5
INFANTIL	1	15	1
	16	30	2
	31	50	3
	51	70	4
	71		5

Non están previstos cambios de calado nestas ratios a determinar na orde de desenvolvemento do decreto actualmente en tramitación.

O persoal de atención con carácter xeral será contratado pola empresa que resulte adjudicataria do comedor escolar. Neste tipo de xestión non existe a colaboración voluntaria das nais e pais do alumnado.

O persoal de atención ao alumnado será o encargado de vixiar aos nenos durante o traxecto das aulas ao recinto do comedor e dende este outra vez ás aulas para o desenvolvemento das clases vespertinas. Nos supostos de xornadas continuas, se existe transporte despois do comedor, este persoal de atención será o encargado de levar os nenos ata o citado transporte.

5º Contratación e responsabilidade do servizo. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asumirá a titularidade do comedor escolar, reiterando que sempre que a ANPA así o desexe.

A consellería contratará a xestión do comedor escolar mediante os tipos contractuais que permite a normativa de contratación. Neste sentido, a persoa que exerza a dirección do centro educativo é o responsable do comedor como representante da consellería, e percibirá unha gratificación diaria pola súa presenza efectiva durante a prestación do servizo.

Aclaracións reunión ANPAS do 27 de febreiro de 2015

Polo tanto as empresas que actualmente lle presten o servizo ás ANPAS non teñen garantido o servizo. Se algunha asociación asinou un contrato que ten efectos máis aló do curso escolar actual (2014-2015) deberá rescindilo antes de que a Xunta de Galicia poida asumir o comedor. O persoal destas empresas que presta o servizo nestes comedores non pasará a ser persoal da Xunta de Galicia, pero poderá ser subrogado polas empresas que resulten adxudicatarias dos procedementos de contratación que licite a administración, nos termos en que os convenios colectivos que lles sexan aplicables así o determinen.

As asociacións deixarán de ter responsabilidade sobre calquera incidencia que aconteza no comedor escolar. A tal efecto as empresas adxudicatarias deberán subscribir seguros de responsabilidade civil.

6º A selección e admisión dos usuarios do comedor escolar correspóndelle ao consello escolar de acordo coa normativa vixente en cada momento.

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2015-2016, de xeito que, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar, no marco establecido polo artigo 4 do Decreto 132/2013, revisará e baremará as ditas solicitudes, avaliándoas, segundo dispón o artigo 7.5 da Orde do 21/02/2007, de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 3/2014 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2014-2015.
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolledores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente, mediante documento expedido para o efecto polas/os respectivos empregadoras/ores, xunto cunha copia dos contratos de traballo, polas. altas censuais iniciais ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas e polas certificacións expedidas polas xefaturas de persoal correspondentes

Aclaracións reunión ANPAS do 27 de febreiro de 2015

6. Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.
7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

7º Transporte escolar. En principio, as actuais liñas vanse manter. Porén, estudarase caso a caso, de xeito que, na xeneralidade dos casos, non haberá variación nos horarios, se ben excepcionalmente poderá abordarse en función da existencia dunha maioría cualificada de usuarios do comedor escolar ou viceversa.

8º Condicións de contratación. No curso 2015-2016 a consellería asumirá e licitará un número de prazas igual ao número de usuarios que o comedor escolar da ANPA teña no curso 2014/2015, ao que se engadirá entre un 10% e un 15% adicional, no seu caso, para a incorporación de novos usuarios con dereito.

A consellería contratará un número máximo de prazas. Os usuarios poderán facer uso do comedor todos os días da semana lectiva, ou un ou varios días desta semana (por exemplo todos os martes, ou de luns a xoves...).

Se para o curso escolar 2015/2016 está previsto ampliar algunha zona de escolarización estudarase para este caso concreto asumir un número de prazas distinto do número de usuarios

9º Acceso ao servizo e pagamento do alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por área de influencia.

O alumnado de nova incorporación, escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar.

Porén, terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.

Excepcionalmente, sempre que existan no comedor escolar prazas libres dotadas economicamente e as condicións existentes de instalacións, persoal de cociña e colaboradores na atención dos alumnos comensais o permitan, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería poderá autorizar para cada curso escolar a incorporación de alumnos escolarizados fora de área.

As citadas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Segundo establece a disposición adicional primeira do Decreto 132/2013, estes autorizados excepcionais, con independencia das súas circunstancias persoais e de

Aclaracións reunión ANPAS do 27 de febreiro de 2015

renda familiar, terán que aboar, en concepto de prezo público a cantidade de 4,50 € por día de servizo, agás no suposto de tratarse de alumnado pertencente a áreas de influencia sobre as que se estea a tramitar procedementos de zonificación, que, mentres non rematen definitivamente, posibilitarán o pagamento do prezo público polos alumnos escolarizados fora da súa área de influencia de acordo coas regras xerais establecidas no devandito Decreto.

De conformidade co establecido no artigo 9 da Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado matriculado nun centro público ou privado ten garantida a súa permanencia nel nos termos establecidos no Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo tanto, o cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro. **Á vista disto, o alumnado escolarizado no curso anterior fóra de área de influencia, a partir do curso seguinte consolídase nunha situación similar á dos escolarizados con carácter forzoso en centros distintos aos que lles correspondería por área de influencia.**

10º Prazo para comunicar á consellería a decisión de asunción do comedor. O día límite será o **19 de marzo de 2014**. Poderán adiantar a decisión a través do seguinte enderezo electrónico: comedores.santiago@edu.xunta.es

A decisión comunicada será irreversible, de xeito que unha vez asumido un comedor non poderá volver a ser xestionado pola ANPA.

Para o caso de que a ANPA decida que a Xunta de Galicia asuma a titularidade do comedor escolar, posteriormente será necesario que remita un documento asinado polas persoas que exerzan a secretaría e a presidencia da asociación comunicando o resultado da asemblea e presentando os datos aportados na mesma. Este documento deberá remitilo a:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral Técnica
Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios
Edificio Administrativo de San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela